

# APERTURA DOS PRAZOS PARA FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MEIXONFRÍO - SALGUEIRIÑOS. CURSO 2012-2013

## PRAZO DE MATRÍCULA

---

- O prazo de matrícula para todo o alumnado admitido na Escola Infantil Municipal de Salgueiriños-Meixonfrío, **será do 5 ao 14 de setembro de 2012 (ambos os dous incluídos)**. De non formalizarse a matrícula nesas datas decaerá o dereito á praza obtida (aínda constando o alumno/a na relación definitiva de admitidos) e, se terá por desistido da solicitude, arquivándose o expediente e non figurando nas listas de agarda.
- A documentación solicitada **entregarase na propia Escola Infantil Municipal de Salgueiriños-Meixonfrío** (Rúa Lavadoiro, s/n) /, durante os días que se indican e en horario de 10 ás 14 h. Ademais de coñecer as instalacións educativas, persoal da Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños informará e atenderá todas as consultas que se solicitan. E procederá a realizar a entrevista inicial con cada familia para coñecer ao profesorado e todo tipo de cuestións, arredor do neno/a matriculado.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

---

- **Solicitude de formalización da matrícula, de acordo co modelo normalizado.**
- **Copia declaración da renda do ano 2011** de todos os membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido pola Delegación de Facenda que avale a súa non presentación.
- **2 fotografías** tamaño carné
- **Fotocopia do libro de vacinas**
- **Certificado médico** do neno ou nena.
- **Impreso de domiciliación bancaria.**
- **Xustificante bancario do pago da matrícula.**(Nº conta: 2080 0375 10 3040016544). O importe da matrícula ascende a cantidade de 75 euros.

O modelo oficial pode descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org), ou solicitalo no Departamento de Educación (Edificio CERSIA, Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n), e nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños.

## RÉXIME DE PREZOS

---

Consonte co Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro (DOG 25-1-2012).

Os prezos establecidos actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos ao consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, da Secretaría General de Política Social.

Os prezos para o curso 2012-2013 poden consultarse na páxina web do Concello [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org) ou na propia escola.

# **APERTURA DOS PRAZOS PARA FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MEIXONFRÍO - SALGUEIRIÑOS. CURSO 2012-2013**

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

---

Se durante a realización dos procesos de renovación, admisión, matriculación, etc nas Escolas Infantís Municipais, se producira algún cambio de normativa, procederase a modificar aqueles aspectos que se vexan afectados respecto do aprobado nesta Xunta de Goberno Local.

A Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños rexerese polo Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal de Conxo mentres non se aprobe o Regulamento da Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños.

## **RELACIÓN DE ALUMNADO ADMITIDO E LISTA DE AGARDA**

---

As listas definitivas de admisión e as listas definitivas de agarda para o curso 2012-2013 nas diferentes unidades da Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños poden consultarse no taboleiro xeral do Concello de Santiago, no Departamento de Educación e nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

---

### **DEPARTAMENTO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN**

Edificio CERSIA

Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n

Tel: 981 55 44 00 /401 Fax: 981 57 15 11 .

[dptoeducación@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducación@santiagodecompostela.org)

[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)

### **ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS**

(A partir do 5 de setembro, en horario de 10 ás 14 h.)

Rúa do Lavadorio, s/n

Tfno.: 981 528 707